





ESTATUTOS DA FEDERACIÓN PROVINCIAL DE ANPA DE CENTROS PÚBLICOS DE LUGO (F.A.P.A.C.E.L.)

CAPÍTULO PRIMEIRO

DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO E EIDO



Artigo 1º.- A Federación Provincial de Asociacións, de Pais de Alumnos de Centros Educativos Públicos-FAPACEL (en diante, nestes Estatutos denominarase Federación ou Federación Provincial), estará formada por Asociacións de nais e pais de alumnos/as escolarizados exclusivamente en Centros Públicos (en diante denominadas ANPA ou Asociacións nestes Estatutos). Poderán ingresar a Federación Provincial as ANPA de distinta procedencia sempre que acepten os principios desta Federación Provincial, sinalados no Capítulo Segundo dos presentes Estatutos. Esta Federación rexerese polos presentes Estatutos, e en todo canto non estea previsto nos mesmos aplicarase a vixente lei orgánica 1/2002 de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, así como a lei orgánica 8/1985 reguladora do Dereito á Educación do 3 de xullo e demais disposicións específicas de aplicación que proveñan da Comunidade Autónoma ou do Estado, supletorio en ausencia do autonómico.



As ANPA federadas que así o decidan poderán constituírse agruparse por comarcas dependentes da directiva de FAPACEL, para o mellor cumprimento no se ámbito dos obxectivos previstos no Artigo 6º dos presentes Estatutos. A acción federativa respectará a autonomía de cada Asociación afiliada, sen inmiscirse nos asuntos internos das mesmas. Os Presidentes das Federación Comarcais constituídas ao amparo dos presentes Estatutos serán Vicepresidente da Federación Provincial.

Art. 3º.- A Federación Provincial está baseada no principio de igualdade de todas as ANPA, que a integran.

Art. 4º.- A inclusión ou separación da cada ANPA coa Federación Provincial, será libre e voluntaria.



Art. 5º.- A Federación Provincial constitúese por tempo indefinido ao amparo de canto determina a Constitución Española de 1978, e a Lei 1/2002 de 22 de Marzo, (SOE 26 de marzo) reguladora do Dereito de Asociación.

Art. 6º.- A Federación Provincial, con entidade sen ánimo de lucro, ten por obxectivos:

a) Realizar actividades sen ánimo de lucro, de asistencia social relacionadas coa protección da infancia e mocidade, consistentes en cursos educativos, talleres, excursións, campamentos, actividades deportivas, culturais e de protección á infancia, a natureza e medio ambiente, ben prestados directamente ou por medio das ANPA federadas a través de convenios, concursos, acordos etc... coas administracións públicas, en centos escolares ou fora deles.

b) Conseguir unha educación de alta calidade, gratuíta e que desenvolva a personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades, ao amparo de canto determina a Constitución Española de 1978.

c) Coordinar a actuación das ANPA, nela integradas, en orde ao mellor logro dos seus obxectivos.

d) Representar ás ANPA federadas ante calquera Administración a Administración Autónoma de Galicia e ante ante Administración Xeral do Estado.

e) Fomentar a creación e o desenvolvemento das ANPA, promovendo e desenvolvendo cantas actividades sexan necesarias, así como facilitando información e asesoramento ás ANPA.

g) Potenciar a cultura e utilizar a lingua de Galicia.

h) Establecer relacións con outras federacións e confederación de ámbito territorial igual ou superior.

i) Impulsar a formación de pais e titores de alumnos e o diálogo pais-profesores.

Art. 7º.- O domicilio da Federación Provincial fíxase no Edificio Cei Nodus Concello de Lugo, FAPACEL - Avda. Coruña 500 -27003 Lugo.

Art. 8º.- O ámbito da Federación Provincial corresponde a os límites territoriais da provincia de Lugo.



CAPÍTULO SEGUNDO

CONFIGURACIÓN, ADMISIÓN E EXPULSIÓN DAS ASOCIACIÓNS MEMBROS DA FEDERACIÓN PROVINCIAL (FAPACEL)

Art. 9º.- Poderán ser membros da Federación Provincial, todas as ANPA da Rede da Educación Pública, legalmente constituídas en Lugo e que así o soliciten.

Art. 10º.- Para integrarse na Federación Provincial presentarán:


- a) Certificado ou copia de acta de favorable á solicitude de ingreso na Federación Provincial.
- b) Copia dos Estatutos da ANPA, con número de Rexistro Provincial de Asociacións.
- c) Copia da resolución de inscrición da xunta directiva actual no Rexistro Provincial de ASOCIACIÓNS da Xunta de Galicia
- d) Boletín de inscrición de alta na FAPACEL debidamente cuberto (cos datos de domicilio social e contacto)
- f) No prazo de trinta días naturais, a Xunta Directiva da Federación Provincial acordará sobre a admisión da ANPA solicitante; se o acordo fose negativo farase constar por escrito os motivos que o fundamentaron; neste caso, a ANPA solicitante poderá recorrer ante a primeira Asemblea Xeral que se celebre, cuxa resolución deberá ser motivada e inapelable, salvo o disposto pola lexislación vixente. Na devandita Asemblea a ANPA solicitante poderá ser ouvida.

Art. 11º.- Perderase a condición de membro da Federación Provincial nos seguintes supostos:

- a) A vontade propia, mediante acordo tomado en Asemblea Xeral, comunicado por escrito á Federación Provincial.
- b) Por incumprimento das obrigacións económicas ou destes Estatutos.



A expulsión dunha ANPA só poderá producirse, previa a súa audiencia ante a Asemblea Xeral, e por acordo desta.



Art. 12º.- A ANPA que por calquera causa deixe de pertencer á Federación Provincial, será responsable, na parte que lle corresponda, de cantas obrigacións fose contraídas pola Federación Provincial con anterioridade á súa separación ou expulsión.



CAPÍTULO TERCEIRO

DEREITOS E DEBERES DAS ASOCIACIÓNS MEMBROS DA FEDERACIÓN PROVINCIAL (FAPACEL)

Art. 13º.- As ANPA que se integren na Federación Provincial terán os seguintes dereitos:

- a) Participar nos órganos de goberno da Federación Provincial na forma prevista nestes Estatutos.**
- b) Recibir canta información sexa necesaria para o coñecemento das actividades da Federación Provincial.**
- c) Incluír calquera asunto na Orde do Día dos órganos de goberno da Federación Provincial na forma que estes Estatutos establezan.**
- d) A obter o apoio da Federación Provincial para o cumprimento dos seus fins.**
- e) A que se respecte a súa autonomía, sen interferencia da Federación Provincial, salvo que esta sexa requirida pola propia ANPA asociada.**

Art. 14º.- Son deberes das ANPA federadas:

- a) Non utilizar a Federación con fins políticos de carácter partidista.**
- b) Cumprir os Estatutos e os acordos dos órganos de goberno da Federación Provincial.**
- c) Contribuír ao sostemento económico da Federación Provincial da forma que estes Estatutos determinen e os acordos de Asemblea fixan.**
- d) Comunicar antes de decembro do ano en curso á Xunta Directiva Federación Provincial, número de alumnado do seu centro e datos de contacto actualizados.**

e) Respetar as competencias da Federación Provincial. Absténdose de formular comunicacións no seu nome.

f) Comunicar á Federación Provincial, calquera cambio nos seus Estatutos, órganos de goberno e domicilio social.



CAPÍTULO CUARTO

ÓRGANOS DE GOBERNO DA FEDERACIÓN PROVINCIAL (FAPACEL)

Art. 15º.- Para o cumprimento dos seus fins a Federación Provincial rexerese polos seguintes órganos de goberno:

-Asemblea Xeral

-Xunta directiva

SECCIÓN PRIMEIRA – ASEMBLEA XERAL

Art. 16º.- A Asemblea é o máximo órgano de representación e decisión da Federación Provincial e os acordos da mesma serán obrigatorios para todos os seus membros, que a estes efectos expedirán as correspondentes credenciais. O número de votos de que disporá cada ANPA será equivalente ao número de delegados.

O número de delegados con dereito a voto por cada ANPA será de dous. Para a adopción de acordos terase en conta os dos delegados presentes.

Art. 17º.- A Asemblea Xeral poderá ser Ordinaria ou Extraordinaria e será convocada polo Presidente previo acordo da Xunta Directiva.

Celebrarase unha Asemblea Ordinaria ao ano no primeiro semestre do ano natural na que se someterá á aprobación a memoria anual, o balance e as contas do exercicio anterior, orzamento para o seguinte e análise da xestión da Xunta Directiva. Igualmente procederase á elección desta, na forma e tempo que establecen os presentes Estatutos e debaterase o programe de actividades para o exercicio seguinte. Tódolos demais asuntos será obxecto de Asemblea Xeral Extraordinaria.



Art. 18º.- Será convocada Asemblea Extraordinaria por acordo da Xunta Directiva ou a petición formulada cando menos por 1/3 das ANPA federadas.

En este último caso procederase a formular a petición por escrito, coa Orde do Día que se propón.

Art. 19º.- As ANPA membros que así o soliciten poderán formular por escrito ao Presidente da Federación peticións para que sexan incluídas en Asemblea Extraordinaria, en cuxo caso se procederá a convocala de acordo co procedemento establecido no artigo 17º.

Se a xuízo do peticionario a súa solicitude fose desatendida, a Xunta Directiva virá obrigada a comunicarlle as razóns da súa denegación.

Art. 20º .- A convocatoria de Asemblea Xeral comunicarase ás ANPA membros mediante carta ou correo electrónico para as ANPA que teñan como válido e habitual ese medio de comunicación co FAPACEL, cunha antelación mínima de 15 días debendo constar o lugar, día e hora da reunión, Orde do Día redactado de forma clara. Fixarase na convocatoria as horas da primeira e segunda convocatoria, debendo mediar entre elas, polo menos un prazo de media hora.



Art. 21º.- A Asemblea Xeral quedará validamente constituída sempre que concorran en primeira convocatoria a maioría dos delegados, e en segunda convocatoria, calquera que sexa o número dos mesmos presentes.

Art. 22º.- A Mesa da Asemblea virá constituída pola Xunta Directiva da Federación Provincial, salvo no punto da Orde do Día que trate de elección de Xunta Directiva.

Art. 23º.- Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse co voto favorable da maioría dos votos delegados presentes.

Requirirase o voto favorable das dúas terceiras partes dos delegados nos asuntos seguintes:

a) Para modificar os Estatutos.

- 
- 
- b) Para a adquisición, alienación de bens inmuebles. Ben sexa a título oneroso, como gratuíto.
 - c) Para a solicitude de declaración de utilidade pública.
 - d) Para a integración nunha Confederación de ámbito autonómico ou estatal.
 - e) Para a disolución da Federación Provincial.
 - f) Nos demais supostos mencionados nestes Estatutos.
 - g) Para a expulsión dalgunha ANPA membro.



Art. 24.- As votacións efectuaranse a man alzada polos delegados presentes, se ben será secreta sempre que o solicite a maioría dos delegados, e en todo caso cando se proceda á elección de Xunta Directiva.

Art. 25.- Corresponde á Asemblea Xeral:

- a) Elixir a Xunta Directiva
- b) Aprobar e modificar os Estatutos.
- c) Determinar as cotas ordinarias e extraordinarias a satisfacer polas Asociacións membros.
- d) Aprobar a memoria anual.
- e) Aprobar os presupostos ordinarios e extraordinarios elaborados pola Xunta Directiva.
- f) A adquisición, alienación de bens mobles, ben sexa a título oneroso ou gratuíto.
- g) Ratificar os contratos de aluguer subscritos pola Xunta Directiva.
- h) Autorizar a concertación de créditos e préstamos en contía superiora a 18.000 euros.
- i) Decidir acerca das liñas xerais de actuación da Federación Provincial e de calquera asunto concreto que poida plantarse.
- j) Aprobar as contas de ingresos e gastos do balance anual.
- k) Aprobar a solicitude de declaración de utilidade pública.



l) Aprobar a integración da Federación Provincial, nunha Confederación de ámbito autonómico ou estatal.

- m) Cesar a Xunta Directiva ou algún de seus membros.**
- n) Para a expulsión dalgunha ANPA membro**
- o) Nomear os censores de contas.**
- p) Nos demais supostos mencionados nestes Estatutos.**

SECCIÓN SEGUNDA – XUNTA DIRECTIVA

Art. 26º.- A Xunta Directiva é o órgano executivo e de xestión da Federación Provincial. As súas funcións son:

- a) Decidir as convocatorias de Asemblea Xeral e fixar a Orde do Día.**
- b) Desenvolver a xestión ordinaria da Federación Provincial.**
- c) Elaborar e presentar os balances anuais, estado de contas, orzamentos, memoria de xestión e proxecto de activades da Federación Provincial.**
- d) Promover as Asociacións de Pais e Nais e desenvolver a Federación Provincial.**
- e) Informar e asesorar ás ANPA membros.**
- f) Cumprir os acordos da Asemblea Xeral**
- g) Contratar préstamos e/ou créditos en contía non superior a 18.000 euros se a situación da Federación Provincial así o aconsella.**
- h) Contratar e despedir a persoal da Federación, determinando as súas retribucións, o horario de traballo e demais condicións contractuais.**
- i) Cantas outras funcións non están encomendadas expresamente á Asemblea Xeral ou esta encoméndelle.**

Art. 27º.- a) A Xunta Directiva da Federación Provincial virá integrada por Presidente/a, Vicepresidente/a, Secretaria/o, Vicesecretaria/o, Tesoureiro/a, e vogais; que serán elixidos entre nais e pais de alumnos ou titores que pertencen a ANPA asociadas, en Asemblea convocada ao efecto. O número de vogais non terá limitación.

As candidaturas deberán ser completas, podendo incluír suplentes para caso de que se produzan vacantes. A votación será secreta e cada

delegado deberá votar por unha das candidaturas presentadas, sen realizar emendas ou modificacións nas mesmas ou absterse.

Mediante o sistema de representación proporcional atribuirase a cada unha das listas que alcanzasen un mínimo de 10% dos votos emitidos, o número de postos na Xunta Directiva, que será proporcional ao número de votos obtidos. Dentro de cada lista resultarán elixidos os candidatos na orde que figuren en cada lista. O Presidente será o que encabece a lista máis votada, o resto dos cargos serán nomeados na Xunta Directiva

b) Ademais dos citados, formarán parte da Xunta Directiva en calidade de Vicepresidentes, os respectivos Presidentes das Federacións Comarcais que se constituísen ao amparo do previsto no Artigo 2º destes Estatutos.

A orde das Vicepresidencias será determinado pola Xunta Directiva a proposta do Presidente da Federación Provincial.

c) Tamén poderase incluír e nomear como membro colaborador da Xunta Directiva (vogal colaborador) aquelas persoas (non pertencendo a ningunha ANPA) que a Xunta Directiva estableza para aportar axuda no desenvolvemento das súas funcións. Será nomeada pola Xunta Directiva e terá as funcións de: orientación, reflexión, consulta, asesoramento, propostas... terá voz pero non voto. Dependendo sempre da Xunta Directiva

Art. 28º.- A duración do mandato da Xunta Directiva será de dous anos. Para a elección da Xunta Directiva constituirase unha Mesa Electoral composta por tres membros, elixidos de entre os delegados presentes, que non pertencen á Xunta Directiva saínte, organizarán o proceso electoral.

O prazo de presentación de candidaturas terá como limite, en todo caso, quince días antes da realización da Asemblea, na sede social, da de Lugo.

Unha vez proclamada, a nova Xunta Directiva, ocupará a presidencia da Mesa da Asemblea, dando por finalizada así a intervención da Mesa Electoral.

En todo caso da non presentación de candidaturas, e por tanto, non sendo posible elixir Xunta Directiva, a Asemblea Xeral, baixo a presidencia da Mesa Electoral, deberá elixir de entre os seus membros cinco delegados que se constituirán en Comisión Xestora, co único obxectivo de convocar novas eleccións nun prazo non maior a tres meses.

Os membros de la Xunta Directiva cesarán polos seguintes motivos:

a) Incorrer nalgunha das incompatibilidades contempladas no artigo 29º dos presentes Estatutos.






Por perda da condición de nai, pai ou titor de alumno membro de unha ANPA afiliada.

e) Pola non asistencia, sen xustificación fidedigna, a tres reunións consecutivas da Xunta Directiva ou cinco non consecutivas no período dun ano natural.

No caso de producirse vacante por calquera causa na Xunta Directiva, aquela cubrirase automaticamente polo candidato seguinte da lista á que pertence o substituído. Se non existira un candidato seguinte na lista, a Xunta Directiva poderá propoñer e nomear un substituto.



Art. 29º.- Será incompatible a pertenza á Xunta Directiva co exercicio de actividades públicas ou privadas que poidan producir conflito de intereses coa Federación Provincial a xuízo da Asemblea Xeral.

Así mesmo, os cargos da Xunta Directiva, en caso de ser candidatos a eleccións Xerais ou Autonómicas, non poderán representar a Federación Provincial durante ese período, e en caso de saír electos deberán renunciar ao cargo.

Tamén serán incompatibles coa súa pertenza á Xunta Directiva da Federación Provincial, os cargos políticos da Administración educativa de calquera ámbito.

Art. 30º.- A Xunta Directiva reunirse unha vez ao mes no período do curso escolar, mediante convocatoria do Presidente. A convocatoria comunicarse aos directivos de forma evidente.

A Xunta Directiva declararase validamente constituída cando en primeira convocatoria concorran a maioría absoluta dos seus membros, e no prazo de media hora calquera que sexa o número de asistentes.

Con carácter extraordinario a Xunta Directiva reunirse cando o decida o Presidente ou soliciten deste un terzo dos membros do órgano. O Presidente convocará neste caso a reunión coa Orde do Día proposto polo directivos peticionarios nun prazo máximo de dez días.

De cada reunión de Xunta Directiva levantarse acta, custodiándose no arquivo previsto ao efecto.

Art. 31º.- Os acordos tomaranse por maioría simple de votos. En caso de empate decide o voto do Presidente. O acordo de convocatoria de

Asemblea Xeral, requirirá a presenza, polo menos, da metade dos membros da Xunta Directiva.



Art. 32º.- O Presidente ten a representación legal e pública da Federación Provincial e poderá subscribir documentos públicos e privados. Asumirá as seguintes facultades:

- a) Convocar as reunións de los órganos de goberno e as presidirá.
- b) Cumprir os acordos dos órganos de goberno.
- c) Desenvolver a xestión dos asuntos ordinarios.
- d) Abrir e cancelar contas nas entidades bancarias e de aforro, xunt co Tesoureiro, a nome da Federación Provincial. Solicitar préstamos coas limitacións e disposicións sinaladas no art. 26º g) e se fosen necesarios para o desenvolvemento económico da Federación.
- e) Estender e asinar os libramentos de pago necesarios, así como os talóns, cheques...etc., conxuntamente co Tesoureiro da Federación.
- f) Recibir subvencións ou axudas económicas en nome da Federación de calquera Administración Pública, entidades privadas, así como calquera outro ingreso que sexa conforme coa Lei.
- g) Recibir as cotas que se establezan para as ANPA en Asemblea Xeral.
- h) E todas as competencias que a lexislación vixente estableza.

Art. 33º.- Corresponde ao Vicepresidente a substitución do Presidente por ausencia, ou delegación deste.

Os Vicepresidentes que corresponden ás Federacións Comarcais coordinarán a actividade da Federación Provincial no ámbito que pertencen e representan.

Art. 34º.- Corresponde ao Secretario:

- a) Elaborar e custodiar as Actas das reunións.
- b) Conservar e tramitar a documentación administrativa da Federación Provincial.
- c) Coordinar o funcionamento da Xunta Directiva e das comisións que se poidan crear ao efecto.
- d) Exercer a xefatura inmediata do persoal contratado pola Federación Provincial.



e) Custodiar os bens da Federación Provincial.

Art. 35º Corresponde ao Vicesecretario/a a substitución do Secretario/a por ausencia ou delegación deste.

Art. 36º.- Corresponde ao Tesoureiro:

- a) Recadar as cotas da Federación Providencial, custodialas e investilas segundo os acordos dos órganos de goberno.
- b) Asinar os pagos conxuntamente co Presidente e facelos efectivos.
- c) Elaborar o balance de Orzamentos
- d) Visar os cobros conxuntamente co Presidente.
- e) Cantas outras activades relacionadas cos recursos económicos da Federación Provincial, lle encomende a Xunta Directiva.

Art. 37º.- Corresponde os Vogais:

- a) Coordinar áreas que les poidan ser encomendadas pola Xunta Directiva.
- b) Manter informada á Xunta Directiva e á Asemblea Xeral dos aspectos específicos que poidan serlles encomendados.

Art. 38º.- A Xunta Directiva da Federación Provincial poderase servir de asesores ou gabinetes de apoio, que presten axuda ou asesoramento nos asuntos que se estime conveniente. Non terán voto nas reunión dos órganos de goberno.

CAPITULO QUINTO

DOS RECURSOS ECONÓMICOS DA FEDERACIÓN PROVINCIAL (FAPACEL)

Art. 39º.- A Federación Provincial, créase sen patrimonio fundacional. Os recursos económicos procederán de:

- a) As cotas ordinarias e extraordinarias a pagar polas Asociacións membros, fixadas pola Asemblea Xeral.

- b) As doazóns, subvencións ou transmisión a título oneroso ou gratuíto de calquera índole que se acepten por parte dos órganos competentes.
- c) Os rendementos que poida producir o patrimonio propio.
- d) Calquera outro autorizado pola Lei



Art. 40º.- O orzamento anual ordinario da Federación Provincial non excederá de 400.000 €. O exercicio económico coincidirá co ano natural.

A Xunta Directiva, dará conta dos resultados económicos á Asemblea Xeral na forma establecida nos presentes Estatutos.

Art. 41º.- A Asemblea Xeral elixirá dous Censores de Contas de entre os delegados presentes que, en ningún caso serán compoñentes da Xunta Directiva da Federación Provincial. Reuniranse polo menos 30 días antes da celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, e aprobarán co seu Vº Bº os Balances e Estado de Contas que presente a Xunta Directiva, en caso contrario exporán os seus puntos de vista relacionados coa súa competencia.

Para o desenvolvemento das súas funcións solicitarán da Xunta Directiva canta información precisen, estando esta obrigada a facilitala.

O estado de contas da Federación Provincial, será presentado, co informe dos Censores de Contas ás ANPA membros, antes da celebración da Asemblea Xeral Ordinaria.

CAPITULO SEXTO

DA DISOLUCIÓN DA FEDERACIÓN PROVINCIAL (FAPACEL)

Art. 42º.- A Federación Provincial, constitúese por tempo indefinido, e disolverase polas seguintes causas:

- 1) Por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria, con voto favorable das dúas terceiras partes dos delegados presentes.
- 2) Nos demais casos previstos pola Lei.

Art. 43º.- En caso de disolución da Federación Provincial, destinaranse os seus bens na forma prevista no artigo 39º do Código Civil, salvo que a Asemblea Xeral Extraordinaria que acorde a disolución, resolva determinar outros beneficiarios que deberán dedicarse a cumprir fins análogos aos da Federación Provincial.

Dilixencia para facer constarque os presentes estatutos quedan redactados conforme ás modificacións aprobadas na Asemblea xeral extraordinaria celebrada en data 2 de febreiro de 2019 e coas maiorías previstas nos estatutos da asociación

A Secretaria



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AA. PP. E XUSTIZA
XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO**

Quedan VISADOS os estatutos da ASOCIACIÓN

(1) de nº

1980/21 da Sección 35 do REGISTRO PROVINCIAL

desta Xefatura Territorial, conxuntamente co establecido na Lei orgánica 1/2002 do 22 de marzo.

Lugo, 14 de xuño de 2019

O xefe territorial



Ramón Carballo Páez

(1) FEDERACIÓN PROVINCIAL DE ANPA DE
CENTROS PÚBLICOS DE LUGO (F.A.P.A.C.E.L.)